

Decreto.

O Concello de Brión convocou no seu día (BOE núm. 55, do 06.03.2023), polo sistema de concurso: **unha (1) praza de técnico/a informática**, incluída na oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal (BOP núm. 94, do 19.05.2022), ao amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, consonte coas bases xerais e específicas da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 232, do 09.12.2022.

Rematado o procedemento selectivo de concurso o día 12.07.2023, o tribunal acordou:

1º) Publicar a puntuación definitiva do concurso:

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	Méritos profesionais	Formación profesional	Total
TOREA	MOLEDO	DAVID SALVADOR	70,00	30,00	100,00
DÍAZ	REAL	ROI	70,00	30,00	100,00
SERÉN	CAÑÁS	VICTOR MANUEL	0,40	30,00	30,40
GÓMEZ	SÁNCHEZ	DARÍO ROMÁN	70,00	30,00	100,00
FACAL	FARIÑA	SERGIO	62,00	30,00	92,00
CASAL	ANDÚJAR	ANTONIO	70,00	30,00	100,00
FORTES	GONZÁLEZ	AVELINO	0,00	30,00	30,00

2º) Proponer á persoa aspirante que se relaciona para ou seu nomeamento pola Alcaldía como persoa contratada laboral fixa, praza de técnico/a informática, grupo C1, atendendo á orde de puntuación final obtido e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4.das bases xerais:

ANTONIO CASAL ANDUJAR.

3º) Consonte co disposto na base 15 das bases xerais pasan a formar parte da bolsa de emprego aqueles candidatos que participando no proceso selectivo e non superando este, obteñen unha puntuación mínima que se considere suficiente (50% da puntuación total), quedando ordenada atendendo á puntuación obtida, e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4. das bases xerais do seguinte xeito:

- 1-. DAVID SALVADOR TOREA MOLEDO.
- 2-. DARÍO ROMÁN GÓMEZ SÁNCHEZ.
- 3-. ROI DÍAZ REAL.
- 4-. SERGIO FACAL FARIÑA.

4º) Como a persoa proposta ten acreditada a titulación en lingua galega esixida na convocatoria se declara a exención de realización da proba oral prevista nas bases.

5º) Proceder a súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, informando ao aspirante proposto que disporá dun prazo de 20 días hábiles, contado desde a publicación, para presentar no Rexistro do Concello a documentación sinalada na base 13.2. das bases xerais.

6º) Contra este acordo poderán presentar recurso de alzada perante o Alcalde do Concello, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación de conformidade do disposto nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Resultando que a acta da sesión foi publicada na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello con data 17.07.2023 e que o interesado presentou con data 02/08/2023 a documentación sinalada.

Considerando que é competencia desta alcaldía esta contratación, segundo o establecido no art. 21.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **resolvo:**

1º) Contratar como persoal laboral fixo deste Concello a ANTONIO CASAL ANDUJAR, DNI: ***0813**, para a praza de técnico/a informática, grupo C1.

2º) Ordenar a publicación da contratación no BOP, na web municipal www.concellodebrion.gal e no taboleiro de edictos do Concello.

3º) A persoa contratada deberá formalizar o preceptivo contrato de traballo no prazo máximo dun mes a partir da publicación da contratación no BOP.

4º) Que se notifique ao interesado esta resolución.